



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC05	Promoción de igualdade de xénero	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1402	Prevención da violencia de xénero	2025/2026	0	191	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA TERESA MARTÍN GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza as situacións de violencia de xénero, en relación cos procesos psicolóxicos e sociolóxicos que as sustentan
RA2 - Caracteriza o marco da intervención preventiva en violencia de xénero, tendo en conta a relación entre a súa estrutura xurídica e administrativa e a realidade en que se desenvolve
RA3 - Planifica actividades de prevención, analizando os recursos de asistencia integral e protección ás vítimas
RA4 - Desenvolve estratexias de intervención en violencia de xénero, tendo en conta a relación entre as características da situación e o protocolo establecido
RA5 - Realiza actividades para o control e o seguimento da intervención en situacións de violencia de xénero, e xustifica a selección das estratexias, as técnicas e os instrumentos de avaliación

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Definíronse os elementos que configuran a violencia de xénero e as relacións entre eles
CA1.2 Definíronse os tipos de violencia de xénero
CA1.4 Describíronse os factores que favorecen ou iniben as situacións de violencia de xénero
CA1.6 Describíronse os factores de risco relacionados coa violencia de xénero
CA1.7 Identificáronse as características de posibles situacións de violencia de xénero
CA2.1 Definíronse os antecedentes e a evolución das medidas dirixidas a sensibilizar acerca da violencia que se exerce sobre as mulleres e menores ao seu cargo
CA2.2 Identificáronse medidas de intervención preventiva en violencia de xénero



Criterios de avaliación do currículo
CA2.3 Caracterizáronse os servizos relacionados coa detección da violencia contra as mulleres e a súa descendencia e a atención ante estas situacións
CA2.4 Argumentouse a importancia da formación de profesionais en materia de atención ás vítimas de violencia de xénero
CA2.5 Definiuse o actual marco xurídico e administrativo en materia de violencia de xénero
CA3.2 Caracterizáronse os servizos de atención ás mulleres vítimas de violencia
CA3.3 Caracterizáronse os recursos de atención física e mental das vítimas para impulsar a recuperación das secuelas da violencia
CA3.4 Identificáronse as medidas de atención ás necesidades de acollemento temporal, garantindo a manutención, o aloxamento, a accesibilidade e a seguridade nos casos en que proceda
CA3.6 Describíronse os recursos de atención ás necesidades económicas, laborais, xurídicas, educativas, culturais e sociais das vítimas derivadas da situación de violencia
CA3.7 Caracterizáronse os servizos de atención especializada para mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou para menores ao seu cargo
CA3.8 Identificáronse as funcións e as competencias do Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller e do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, e os recursos de coordinación existentes
CA4.1 Identificáronse os protocolos para actuar en situacións de violencia de xénero
CA4.2 Establecéronse os protocolos de intervención en casos de violencia de xénero
CA4.4 Caracterizáronse os protocolos de intervención familiar en casos de violencia de xénero
CA4.5 Seleccionouse o servizo idóneo para cada momento do itinerario de asesoramento integral ás vítimas, e indicáronse os pasos que cumpra seguir
CA5.1 Identificáronse os indicadores do proceso de control e seguimento da intervención en violencia de xénero
CA5.2 Seleccionáronse técnicas, instrumentos e protocolos para a realización do seguimento da intervención en violencia de xénero
CA5.4 Garantiuse a privacidade dos datos de carácter persoal
CA5.6 Xustificouse a toma de decisións para modificar ou adaptar a intervención en violencia de xénero



2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza as situacións de violencia de xénero, en relación cos procesos psicolóxicos e sociolóxicos que as sustentan
RA2 - Caracteriza o marco da intervención preventiva en violencia de xénero, tendo en conta a relación entre a súa estrutura xurídica e administrativa e a realidade en que se desenvolve
RA3 - Planifica actividades de prevención, analizando os recursos de asistencia integral e protección ás vítimas
RA4 - Desenvolve estratexias de intervención en violencia de xénero, tendo en conta a relación entre as características da situación e o protocolo establecido
RA5 - Realiza actividades para o control e o seguimento da intervención en situacións de violencia de xénero, e xustifica a selección das estratexias, as técnicas e os instrumentos de avaliación

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.3 Caracterizáronse os procesos básicos que interveñen na violencia de xénero
CA1.5 Determináronse os indicadores de violencia de xénero
CA1.7 Identificáronse as características de posibles situacións de violencia de xénero
CA1.8 Valorouse a incidencia dos medios de comunicación nas situacións de violencia de xénero
CA2.2 Identificáronse medidas de intervención preventiva en violencia de xénero
CA2.6 Identificáronse os protocolos para actuar en situacións de violencia contra as mulleres
CA2.7 Identificouse a influencia das particularidades territoriais, culturais, relixiosas, económicas, sexuais e persoais da poboación no proceso de distribución da información
CA3.1 Valorouse a importancia de informar e orientar as vítimas sobre os seus dereitos e os recursos existentes
CA3.4 Identificáronse as medidas de atención ás necesidades de acollemento temporal, garantindo a manutención, o aloxamento, a accesibilidade e a seguridade nos casos en que proceda



Criterios de avaliación do currículo
CA3.5 Valorouse a importancia de proporcionar seguridade á vítima a través dos medios técnicos posibles
CA4.3 Valorouse o papel do/da profesional en situacións de violencia de xénero
CA4.4 Caracterizáronse os protocolos de intervención familiar en casos de violencia de xénero
CA4.6 Xustificouse o acompañamento da vítima ao servizo especializado prioritario
CA4.7 Xustificouse o cumprimento das normas e dos criterios establecidos no protocolo de actuación no trato dispensado ás persoas que sufriran violencia de xénero
CA5.2 Seleccionáronse técnicas, instrumentos e protocolos para a realización do seguimento da intervención en violencia de xénero
CA5.3 Rexistráronse os datos nos soportes establecidos polo equipo interdisciplinar
CA5.5 Transmitiuse a información ás persoas implicadas na intervención tanto directamente como indirectamente
CA5.6 Xustificouse a toma de decisións para modificar ou adaptar a intervención en violencia de xénero

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A presente programación foi realizada atendendo ao Decreto 80/2018, de 21 de junio, polo cal se establece o currículo do ciclo formativo de grado superior correspondente ao título de técnico superior en Promoción de Igualdade de Xénero.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

Para superar o módulo de Prevención da violencia de xénero a persoa aspirante deberá ter un coñecemento teórico-práctico suficiente das seguintes cuestións:

CA1.1 Definíronse os elementos que configuran a violencia de xénero e as relacións entre eles

CA1.2 Definíronse os tipos de violencia de xénero

CA1.3 Caracterizáronse os procesos básicos que interveñen na violencia de xénero

CA1.4 Describíronse os factores que favorecen ou iniben as situacións de violencia de xénero

CA1.5 Determináronse os indicadores de violencia de xénero

CA1.6 Describíronse os factores de risco relacionados coa violencia de xénero



CA1.7 Identifícanse as características de posibles situacións de violencia de xénero

CA1.8 Valorouse a incidencia dos medios de comunicación nas situacións de violencia de xénero.

CA2.1 Definíronse os antecedentes e a evolución das medidas dirixidas a sensibilizar acerca da violencia que se exerce sobre as mulleres e menores ao seu cargo

CA2.1.1 Definíronse os antecedentes das medidas dirixidas a sensibilizar acerca da violencia que se exerce sobre as mulleres e menores ao seu cargo.

CA2.1.2 Definiuse a evolución das medidas dirixidas a sensibilizar acerca da violencia que se exerce sobre as mulleres e menores ao seu cargo

CA2.2 Identifícanse medidas de intervención preventiva en violencia de xénero

CA2.2.1 Identifícanse os antecedentes das medidas de intervención preventiva en violencia de xénero.

CA2.2.2 Identificouse a evolución das medidas de intervención preventiva en violencia de xénero.

CA2.3 Caracterizáronse os servizos relacionados coa detección da violencia contra as mulleres e a súa descendencia e a atención ante estas situacións

CA2.4 Argumentouse a importancia da formación de profesionais en materia de atención ás vítimas de violencia de xénero.

CA2.5 Definiuse o actual marco xurídico e administrativo en materia de violencia de xénero

CA2.6 Identifícanse os protocolos para actuar en situacións de violencia contra as mulleres nos diferentes ámbitos sanitario educativo medios de comunicación e laboral.

CA2.7 Identificouse a influencia das particularidades territoriais, culturais, relixiosas, económicas, sexuais e persoais da poboación no proceso de distribución da información teno en conta os colectivos mais vulnerables.

CA3.1 Valorouse a importancia de informar e orientar as vítimas sobre os seus dereitos e os recursos existentes

CA3.2 Caracterizáronse os servizos de atención ás mulleres vítimas de violencia

CA3.3 Caracterizáronse os recursos de atención física e mental das vítimas para impulsar a recuperación das secuelas da violencia

CA3.4 Identifícanse as medidas de atención ás necesidades de acollimento temporal, garantindo a manutención, o aloxamento, a accesibilidade e a seguridade nos casos en que proceda

CA3.5 Valorouse a importancia de proporcionar seguridade á vítima a través dos medios técnicos posibles

CA3.7 Caracterizáronse os servizos de atención especializada para mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou para menores ao seu cargo

CA3.8 Identifícanse as funcións e as competencias do Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller e do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, e os recursos de coordinación existentes.

CA4.1 Identifícanse os protocolos para actuar en situacións de violencia de xénero

CA4.2 Establecéronse os protocolos de intervención en casos de violencia de xénero

CA4.3 Valorouse o papel do/da profesional en situacións de violencia de xénero

CA4.4 Caracterizáronse os protocolos de intervención familiar en casos de violencia de xénero

CA4.6 Xustificouse o acompañamento da vítima ao servizo especializado prioritario

CA4.7 Xustificouse o cumprimento das normas e dos criterios establecidos no protocolo de actuación no trato dispensado ás persoas que sufriran violencia de xénero

CA4.8 CA4.8 Identificouse o papel da mediación na violencia de xénero.

CA5.1 Identifícanse os indicadores do proceso de control e seguimento da intervención en violencia de xénero

CA5.2 Seleccionáronse técnicas, instrumentos e protocolos para a realización do seguimento da intervención en violencia de xénero

CA5.3 Rexistráronse os datos nos soportes establecidos polo equipo interdisciplinar.



CA5.5 Transmítiuse a información ás persoas implicadas na intervención tanto directamente como indirectamente.

CA5.6 Xustifícouse a toma de decisións para modificar ou adaptar a intervención en violencia de xénero.

Un criterio de avaliación (CA) denomínase mínimo esixible cando se considera imprescindible para lograr o resultado de aprendizaxe (RA), pero con todo, existen CA no currículo que, malia seren importantes, pódese concluír que non se compromete gravemente a adquisición da competencia profesional se a persoa aspirante non os evidencia. Polo que non se considerarán mínimos esixibles os seguintes CA do currículo:

CA 3.6. Se describiu os recursos de atención ás necesidades económicas, laborais, xurídicas, educativas, culturais e sociais das vítimas derivadas da situación de violencia.

CA 4.5. Se seleccionou o servizo idóneo para cada momento do itinerario de asesoramiento integral ás vítimas e indicáronse os pasos que se ten que seguir.

CA 5.4. Se garantizou privacidade dos datos de carácter persoal.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- 1ª Parte da Proba:

Segundo o artigo 13.3 a) da Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de Formación Profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a primeira parte da proba terá carácter eliminatorio.

O desenvolvemento da 1ª parte da proba consistirá nunha batería de preguntas tipo test sobre os contidos aos que fan referencia os criterios de avaliación relacionados con esta parte da proba.

Para a corrección do tipo test aplicarase o criterio cada dous erros resta un acerto

Disporase dun tempo máximo de 2 horas para o desenvolvemento de dita proba.

Superarase esta proba cun mínimo de puntuación de 5 sobre 10.

Non se redondearán notas por debaixo de 5. En caso de superar o 5 redondearanse á alza aquelas notas que acaden a centésima ",56" ou máis.

As persoas que non superen a 1ª parte da proba serán cualificadas cun 0 na 2ª parte da proba a efectos de calcular a cualificación final da proba libre.

- 2ª Parte da Proba:

Consistirá na resolución por parte da persoa aspirante de varios supostos prácticos de carácter escrito e/ou probas de execución práctica, nas que se amose un dominio coherente, global, aplicado e equilibrado dos mínimos esixibles do módulo, e que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta segunda parte.

A persoa aspirante deberá realizar con suficiente corrección cada un dos supostos prácticos ou probas de execución práctica para superar esta parte da proba, polo que serán avaliados por separado en función do instrumento de avaliación asignado a cada un deles. No caso de superar todas as propostas prácticas cunha nota de 5 ou máis, a cualificación final desta parte resultará do cálculo da media aritmética de cada unha das propostas de avaliación. No caso de non acadar o 5 nalgún dos instrumentos de avaliación vinculado a un CA considerado mínimo esixible a cualificación final desta parte non acadará o 5 en ningún caso.

Terase en conta o uso e dominio do vocabulario técnico científico específico do módulo.

Non se redondearán notas por debaixo de 5. En caso de superar o 5 redondearanse á alza aquelas notas que acaden a centésima ",56" ou máis.

Para esta parte da proba o tempo será como máximo de 2 horas.

Segundo o artigo 14.2 da Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de Formación Profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no caso das persoas aspirantes que non superen a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de 4 puntos.



4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

O desenvolvemento da 1ª parte da proba consistirá nunha batería de preguntas tipo test sobre os contidos aos que fan referencia os criterios de avaliación relacionados con esta parte da proba. Para a corrección do tipo test se aplicará o criterio cada dous erros resta un acerto

En cada unha das partes desta proba haberá que acadar como mínimo a metade da puntuación asignada para cada unha delas ademais de un mínimo de 5 puntos para superar de xeito positivo esta primeira parte da proba.

Disporase de 2 horas para contestar a todas as preguntas.

Para a realización da proba só será necesario un bolígrafo de cor azul ou negro.

A persoa candidata acreditará a súa identidade con documento oficial tras dous chamamentos.

As persoas aspirantes que asistan despois dos chamamentos e sen que pasen os 15 minutos e non saíu ningún da aula, poderá asistir á proba sempre e cando xustifique o seu retraso e á consulta da Comisión de avaliación.

Na aula onde se realiza a proba se asignará un espazo para que as persoas candidatas poidan deixar os seus obxectos persoais incluíndo os dispositivos electrónicos de uso cotidiá que deberán estar apagados durante todo o proceso.

Non se admitirá o uso de ningún aparato electrónico ou de comunicación co exterior desde o inicio de cada unha das probas, incluído o chamamento, e ate o remate das mesmas. salvo expresa indicación notificada previamente do profesorado responsable. Isto inclúe: reloxo intelixente, lentes con cámara intelixente, teléfonos móbiles (que non poderán ser empregados como reloxo), tabletas dixitais, ou calquera outro dispositivo que de acceso a conexión externa e ou internet.

Unha vez iniciadas as probas escritas as persoas aspirantes agardarán un mínimo de 15 minutos antes de poder abandonar a aula na que se estea a realizar, e entregarán a proba asinada ao profesorado responsable. Non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo.

Será excluída calquera persoa aspirante que leve a cabo acción de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas. Neste caso a cualificación será dun 0.



4.b) Segunda parte da proba

Consistirá na resolución por parte da persoa aspirante de varios supostos prácticos de carácter escrito e/ ou probas de execución práctica, nas que se amose un dominio coherente, global, aplicado e equilibrado dos mínimos esixibles do módulo, e que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta segunda parte.

Terase en conta o uso e dominio do vocabulario específico do módulo.

A proba terá unha duración de 2 horas.

Este/s supostos prácticos ou probas de execución práctica poderán estar plantexados baixo a forma de resolución por escrito dun caso ou varios casos, preguntas curtas e/ou preguntas de desenvolvemento.

Para a realización da proba só será necesario un bolígrafo de cor azul ou negro.

Non está permitido o acceso á proba con teléfono móbil.

A persoa candidata acreditará a súa identidade con documento oficial de identificación orixinal. Se realizarán dous chamamentos para á entrada dos aspirantes. Se algún aspirante chega máis tarde despois dos chamamentos poderá entrar á realización da proba sempre e cando teña unha causa xustificada documental e non pasaran os 15 minutos de permanencia.

Na aula onde se realiza a proba se asignará un espazo para que as persoas candidatas poidan deixar os seus obxectos persoais incluíndo os dispositivos electrónicos de uso cotidiá que deberán estar apagados durante todo o proceso.

Non se admitirá o uso de ningún aparato electrónico ou de comunicación co exterior desde o inicio de cada unha das probas, incluído o chamamento, e ate o remate das mesmas. salvo expresa indicación notificada previamente do profesorado responsable. Isto inclúe: reloxo intelixente, lentes con cámara intelixente, teléfonos móbiles (que non poderán ser empregados como reloxo), tabletas dixitais, ou calquera outro dispositivo que de acceso a conexión externa e ou internet.

Unha vez iniciadas as probas as persoas candidatas agardarán un mínimo de 15 minutos antes de poder abandonar a aula na que se estea a realizar, e entregarán a proba asinada ao profesorado responsable.

Non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo.

Será excluída calquera persoa aspirante que leve a cabo accións de tipo fraudulento ou incumpra as normas establecidas nesta programación, así como as de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas. Neste caso a cualificación será dun 0.